

CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARROZAS ENTROIDO 2026

Disposicións xerais

1. A presente convocatoria rexerese polo disposto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025. No non previsto, regularanse polo disposto na citada Ordenanza, a Lei 38/2003, de 17 de novembro e o seu Regulamento, salvo naqueles aspectos nos que pola especial natureza destas subvencións non resulte aplicable.

2. As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29/05/2025, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025.

3. O marco competencial no que se sustenta esta convocatoria ven reflectido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que no seu artigo 25.2.m) recolle como competencia propia municipal a promoción da cultura.

Nese sentido, o Concello de Cambados ven desenvolvendo anualmente a programación das actividades do Entroido asumindo, a través desta competencia de promoción da cultura, a posta en valor e conservación das tradicións e manifestacións culturais propias, entre as que se atopan este festexo e celebración tradicional, declarado pola Xunta como ben de interese cultural do patrimonio inmaterial.

Por outra banda, o decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece no artigo 23 que “as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen os atribuídos á competencia local”. Deste xeito, preténdese fomentar a participación de diversas agrupacións e colectivos durante os eventos do Entroido coa finalidade de reforzar a animación e programación desta festividade que, ademais, atrae a moitos visitantes.

1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios para o outorgamento de premios do Concurso de Carrozas do Entroido de 2026 do Concello de Cambados, organizado pola Concellería de Festas, que terá lugar no tradicional desfile que se celebrará o domingo 15 de febreiro ás 17.00 h (en caso de choiva o concurso realizarase o sábado 21 de febreiro de 2026, á mesma hora).

2.- Aplicación orzamentaria

Os gastos inherentes ao presente concurso por un total máximo de 9.300,00 euros imputaranse á aplicación 3380.48100 do orzamento de gastos.



3.- Concorrenza competitiva

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrenza competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4.- Participantes

Poderán tomar parte neste concurso todas as persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou colectivos, sen máis limitacións que as impostas pola legalidade vixente.

En todo caso as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvención.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Cambados.
- Estar ao corrente, se fora o caso, das súas obrigas coa Seguridade Social.

O número máximo de grupos/asociacións participantes será de 30 e accederán ao concurso por estrita orde de inscrición.

5.- Publicación da convocatoria e prazo de presentación das inscricións

As inscricións poderán ser presentadas a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

A inscrición deberá facerse no modelo de inscrición normalizado (**Anexo I**), indicando:

- Nome para a carroza.
- Número de integrantes e temática.
- Nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante (tanto no caso de ser un grupo informal como no caso dunha asociación legalmente constituída).
- Nome, CIF, enderezo e teléfono da asociación (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).

Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante do grupo ou da asociación.
- Copia do CIF da asociación.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social e na que se faga constar que o grupo ou asociación non está incurso na prohibición para ser beneficiario de subvencións, segundo impreso normalizado (**Anexo II**).
- Certificado de conta bancaria da asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

O prazo de presentación da documentación será do luns 9 ao venres 13 de febreiro de 2026 ás 14:00h. As solicitudes recolleranse na Biblioteca Municipal Luis Rei de 10.00h a 20.30h.

6.- Normas de participación



A temática de cada carroza será libre (aínda que se procurará que non sexa obscena ou ofensiva).

As carrozas deberán, xunto coa axuda da organización, estar colocadas na Escalinata de San Tomé para o inicio do desfile, entre as 16.00 e as 16.30 horas. Para acceder aos premios ou ás gratificacións, as carrozas participantes deberán desfilar obrigatoriamente na orde establecida de antemán pola organización polo seguinte percorrido: saída da Escalinata de San Tomé - Avda. de Galicia - Praza do Concello - Avda. de Vilariño - Avda. de Madrid - Rúa Real - Praza de Fefiñáns.

As carrozas deberán ter como mínimo 1,5 metros de altura e un máximo de 4 metros dende o chan, e un mínimo de 3 metros de longo e 1,5 metros de ancho, e estar compostas por un **mínimo de 8 integrantes disfrazados**. De non ser así, considérase como maqueta, optando só á gratificación por participar. As maquetas deberán contar cun **mínimo de 5 integrantes disfrazados**, un mínimo de 1 metro de alto e 1,5 metros de longo e 1 metro de ancho.

Non poderán participar as maquetas e carrozas que fagan referencia a establecementos comerciais.

7.- Xurado

O xurado estará composto polo Concelleiro de Festexos, unha persoa do departamento de cultura, unha persoa do departamento de Xuventude, así como por membros de asociacións de Zona Centro. O xurado estará presente durante todo o percorrido.

O xurado valorará a orixinalidade do deseño, laboriosidade e creatividade así como que toda a indumentaria e complementos garden relación coa temática elixida e calquera outro motivo que poida considerar, coma a interpretación dos personaxes representados. Terase en conta a unidade no disfrace e o grao de coordinación coa súa significación e composición. Do actuado polo xurado levantarase a correspondente acta no modelo normalizado recollido no **Anexo III** destas bases.

O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

8.- Premios

Establécense os seguintes premios, ata un límite máximo de consignación orzamentaria de 9.300,00 euros:

1. Premios outorgados conforme á valoración do xurado:

- 1ª Carroza clasificada: 700 €
- 2ª Carroza clasificada: 600 €
- 3ª Carroza clasificada: 500 €

2. Premios pola participación no concurso:

- Todas as carrozas que realicen o desfile terán unha gratificación de 250 €.
- Todas as maquetas que realicen o pasarrúas terán unha gratificación de 150 €.



Segundo a normativa vixente, os premios superiores a 300 € estarán suxeitos á correspondente retención tributaria.

9.- Procedemento de concesión dos premios

O día do desfile entregarase aos beneficiarios un diploma acreditativo do premio. Os premios e gratificacións serán entregados na Praza de Fefiñáns, o domingo 15 de febreiro, ao remate do concurso. De seguido, todos os representantes legais deberán reunirse coa organización para asinar os documentos pertinentes (**Anexo IV**), mostrando o seu DNI.

A Resolución do procedemento co recoñecemento das obrigas económicas que supoñen os premios, correspóndelle á Xunta de Goberno Local. Para isto, o órgano instrutor do expediente, tendo en conta a proposta de premios do Xurado e a documentación achegada polas entidades, formulará PROPOSTA para fiscalización previa da intervención municipal e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Prescídese do trámite de audiencia na proposta de resolución ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos aspirantes.

O acordo de concesión dos premios será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>).

O prazo máximo para a resolución e publicación será de tres meses dende a celebración do concurso.

O aboamento dos premios efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente informados e aprobados polo órgano competente. Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

10.- Compatibilidade con outras axudas



Os presentes premios serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais.

11.- Aceptación das bases

A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado. A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

En todos aqueles aspectos que non se atopen expresamente contemplados nas presentes bases ou na normativa de aplicación, o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso.

12.- Información sobre o tratamento de datos persoais

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos e ás interesados/as de que os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello de Cambados cuxa finalidade é a xestión do presente concurso.

O representante da agrupación/asociación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante escrito dirixido ao Concello de Cambados, a través do correo electrónico alcaldia@cambados.es ou por correo ordinario.

13.- Entrada en vigor

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación dun extracto das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións estarán a disposición dos interesados, xunto a ficha de inscrición, na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>).



ANEXO I INSTANCIA DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE CARROZAS

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

SOLICITA

A participación no CONCURSO DE CARROZAS DE ENTROIDO 2026 convocado polo Concello de Cambados, da carroza:

- Nome para a carroza: _____
- Número de integrantes e temática: _____

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Listado de integrantes da carroza.
- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (**Anexo II**).
- Copia do certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

En Cambados, a _____ de _____ de 2026
(Sinatura)

A entrega de presente instancia de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do concurso e a participación no mesmo conforme a elas.



ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que o grupo / Asociación _____:
- Non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/20003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Cambados.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, asina a presente declaración.

En Cambados, a _____ de _____ de 2026

(Sinatura)

ANEXO III

ACTA DA ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS 2026

Reunidos en Cambados, ás horas do día de de 2026, o Xurado do concurso, composto por:

-
-
-
-
-

onde
como do Concello, actúa como Secretario/a,
e unha vez rematado o certame, levántase acta dos clasificados/as,
entregándoselles os diplomas dos premios, expostos nas bases do concurso,
resultando:

1º clasificado premio 700 €

2º clasificado premio 600 €

3º clasificado premio 500 €



Así mesmo, entréganse un total de gratificacións por valor de 250 € cada unha ás carrozas e gratificacións por valor de 150 € cada unha ás maquetas pola súa participación.

A suma total dos premios e gratificacións ascende a €, e cada galardoado/a asina unha ficha polo importe outorgado que se engade de forma anexa.

Ademais, de habelas, indícanse as seguintes incidencias

.....

.....

.....

Levántase a presente Acta, en Cambados a de de 2026.

Sinaturas dos membros do xurado

Constantino Cordal

.....
Concelleiro de Festas

Técnico de Cultura

ANEXO IV

FICHA DE BENEFICIARIO CONCURSO DE CARROZAS 2026

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

Resultou beneficiario dun premio/gratificación por importe de _____ €
pola participación no CONCURSO DE CARROZAS 2026, celebrado en Cambados o
día _____ de _____ de 2026.

Sinatura:



CONFORME, o Concelleiro de Festas, Constantino Cordal

Asdo :



CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2026

Disposicións xerais

1. A presente convocatoria rexerese polo disposto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025. No non previsto, regularanse polo disposto na citada Ordenanza, a Lei 38/2003, de 17 de novembro e o seu Regulamento, salvo naqueles aspectos nos que pola especial natureza destas subvencións non resulte aplicable.

2. As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29/05/2025, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025.

3. O marco competencial no que se sustenta esta convocatoria ven reflectido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que no seu artigo 25.2.m) recolle como competencia propia municipal a promoción da cultura.

Nese sentido, o Concello de Cambados ven desenvolvendo anualmente a programación das actividades do Entroido asumindo, a través desta competencia de promoción da cultura, a posta en valor e conservación das tradicións e manifestacións culturais propias, entre as que se atopan este festexo e celebración tradicional, declarado pola Xunta como ben de interese cultural do patrimonio inmaterial.

Por outra banda, o decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece no artigo 23 que “as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen os atribuídos á competencia local”. Deste xeito, preténdese fomentar a participación de diversas agrupacións e colectivos durante os eventos do Entroido coa finalidade de reforzar a animación e programación desta festividade que, ademais, atrae a moitos visitantes.

1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios para o outorgamento de premios do Concurso de Comparsas do Entroido de 2026 do Concello de Cambados, organizado pola Concellería de Festas, que terá lugar no Auditorio da Xuventude o martes 17 de febreiro ás 18.00 h.

2.- Aplicación orzamentaria

Os gastos inherentes ao presente concurso por un total máximo de 3.350,00 euros imputaranse á aplicación 3380.48100 do orzamento de gastos.

3.- Concorrenza competitiva



Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4.- Participantes

Poderán tomar parte neste concurso todas as persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou colectivos, sen máis limitacións que as impostas pola legalidade vixente.

En todo caso as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvención.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Cambados.
- Estar ao corrente, se fora o caso, das súas obrigas coa Seguridade Social.

O número máximo de comparsas participantes será de 10 e accederán ao concurso por estricta orde de inscrición.

No caso de superar esta cantidade, seleccionaranse por orde de inscrición, priorizando as que contén con máis integrantes domiciliados en Cambados. Polo tanto, será a Organización quen, nos días seguintes tras finalizar o prazo de inscrición, contacte con aquelas que finalmente participen. A organización pode permitir a participación de comparsas fóra de concurso se quedan prazas libres. A orde de actuación será a mesma que a de inscrición.

5.- Publicación da convocatoria e prazo de presentación das inscricións

As inscricións poderán ser presentadas a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

A inscrición deberá facerse no modelo de inscrición normalizado (**Anexo I**), indicando:

- Nome da comparsa e temática que representa.
- Listado numerado dos integrantes da comparsa e rango de idades.
- Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante (no caso de ser un grupo informal e non unha asociación constituída).
- Nome, CIF, enderezo e teléfono da Asociación (no caso de ser unha asociación legalmente constituída). Farase constar así mesmo o nome e DNI do representante da Asociación.

3. Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).



- Certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

O prazo de presentación da documentación será do luns 9 ao venres 13 de febreiro de 2026 ás 14:00h. As solicitudes recolleranse na Biblioteca Municipal Luis Rei, de 10.00h a 20.30h.

6.- Normas de participación

1. As comparsas estarán formadas, por un mínimo de 10 persoas, e terán un representante legal maior de idade, que asuma a responsabilidade en todos os supostos derivados da participación neste concurso.

2. As comparsas deberán estar o martes 17 de febreiro de 2026 ás 17:30 horas no Auditorio da Xuventude.

3. As comparsas contarán con medios propios para facer a súa actuación, e terán un máximo de 20 minutos dende que suban ata que baixen do escenario ou un máximo de 5 cancións por grupo. Establécese igualmente un mínimo de 3 cancións para poder participar.

4. A actuación realizarase segundo a orde establecida no momento da inscrición, da que deberán estar pendentes cada un dos seus representantes. Poderase variar a orde das actuacións segundo decida o xurado.

5. As comparsas non poderán usar na súa actuación medios ou materiais que supoñan un perigo para as persoas. O xurado penalizará as comparsas que incumpran este apartado coa súa eliminación automática.

6. Unha vez rematado o concurso, as comparsas retirarán do espazo no que se realice o Concurso todas as súas pertenzas. De non facelo poden incorrer nunha penalización económica.

7. As comparsas que o precisen comprométense a entregar, con tempo suficiente (a través dun CD, memoria extraíble...) ao técnico do son os arquivos de música que queiran reproducir durante a súa actuación. Deberán concretar co antedito técnico formato e calidade para evitar problemas durante a actuación.

8. Co fin de colaborar e de lle dar máis vistosidade ao desfile de carrozas do Domingo de Entroido, animaráselles ás comparsas a que participen no devandito desfile.

7.- Xurado

O xurado estará composto polo Concelleiro de Festexos, unha persoa do departamento de cultura, unha persoa do departamento de Xuventude, así como por membros de asociacións de Zona Centro.

O xurado valorará os seguintes aspectos das actuacións:

- Nº de participantes e unidade grupal na súa posta en escena.
- Actitude na exhibición: a música, sobre todo se é en directo e instrumentalizada, o canto e o baile.



- Caracterización: vestuario, sobre todo se a súa realización é artesanal, a súa orixinalidade e vistosidade, así como as maquillaxes e os complementos.
- Humor e crítica: a letra, o inxenio, a ironía, o dobre sentido, sempre dende o respecto. Exixírase que a temática estea relacionada dalgún xeito con Cambados ou coa actualidade social, cultural ou política do país.

3. Rematada a votación, os membros do xurado sumarán as puntuacións e firmarán a acta - no modelo normalizado recollido no Anexo III de estas bases- que será comunicada ao público asistente. Despois de que se coñeza o nome das comparsas gañadoras, estas recibirán os diplomas acreditativos do Concurso de Comparsas 2026. O xurado poderá sen embargo deixar os premios desertos se así o considerase ofrecendo só a posibilidade de outorgar gratificacións. Os membros das comparsas respectarán o labor do xurado, e acatarán a súa decisión, aínda que non a compartan.

8.- Premios

Establécense os seguintes premios, ata un límite máximo de consignación orzamentaria de 3.350,00 euros:

1.- Premios outorgados conforme á valoración do xurado:

- 1ª Comparsa Clasificada: 600 €
- 2ª Comparsa Clasificada: 450 €
- 3ª Comparsa Clasificada: 300 €

2.- Premios pola participación no concurso:

- Todas as comparsas participantes no concurso levarán unha gratificación de 200 €.

3.- Segundo a normativa vixente, os premios superiores a 300 € estarán suxeitos á correspondente retención tributaria.

9.- Procedemento de concesión dos premios

Os diplomas acreditativos dos premios serán entregados o martes 17 de febreiro ao remate do concurso no Auditorio da Xuventude. De seguido, todos os representantes legais deberanse reunir coa organización para asinar os documentos xustificativos pertinentes (Anexo IV), mostrando o seu DNI.

A Resolución do procedemento co recoñecemento das obrigas económicas que supoñen os premios, correspóndelle á Xunta de Goberno Local. Para isto, o órgano instructor do expediente, tendo en conta a proposta de premios do Xurado e a documentación achegada polas entidades, formulará PROPOSTA para fiscalización previa da intervención municipal e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Prescídese do trámite de audiencia na proposta de resolución ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos aspirantes.

O acordo de concesión dos premios será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos



efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>).

O prazo máximo para a resolución e publicación será de tres meses dende a celebración do concurso.

O aboamento dos premios efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente informados e aprobados polo órgano competente. Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

10.- Compatibilidade con outras axudas

Os presentes premios serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais.

11.- Aceptación das bases

A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado. A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

En todos aqueles aspectos que non se atopen expresamente contemplados nas presentes bases ou na normativa de aplicación, o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso.

12.- Información sobre o tratamento de datos persoais

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos e ás interesados/as de que os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello de Cambados cuxa finalidade é a xestión do presente concurso.

O representante da agrupación/asociación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante



mediante escrito dirixido ao Concello de Cambados, a través do correo electrónico alcaldia@cambados.es ou por correo ordinario.

13.- Entrada en vigor

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación dun extracto das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións estarán a disposición dos interesados, xunto a ficha de inscrición, na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>).

ANEXO I INSTANCIA DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS

D/D^a _____, con DNI

con domicilio en
_____ e teléfono nº
_____ en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF
_____ con domicilio en _____
_____ e teléfono nº

SOLICITA

A participación no CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2026 convocado polo Concello de Cambados, da comparsa:

- Nome da comparsa e temática que representa: _____
- Número de integrantes da comparsa e rango de idades: _____

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Listado de integrantes da Comparsa.
- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha



asociación legalmente constituída).

- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).
- Copia do certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

En Cambados, a _____ de _____ de 2026
(Sinatura)

A entrega de presente instancia de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do concurso e a participación no mesmo conforme a elas

ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Que o grupo / Asociación _____:
- Non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/20003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Cambados.

E para que conste aos efectos oportunos, asina a presente declaración.

En Cambados, a _____ de _____ de 2026
(Sinatura)





ANEXO III

ACTA DA ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE COMPARSAS 2026

Reunidos en Cambados, ás horas do día de de 2026, o Xurado do concurso, composto por:

-
-
-
-
-

onde
como do Concello, actúa como Secretario/a,
e unha vez rematado o certame, levántase acta dos clasificados/as,
entregándoselles os diplomas dos premios, expostos nas bases do concurso,
resultando:

1º clasificado premio 600 €

2º clasificado premio 450 €

3º clasificado premio 300 €

Así mesmo, entréganse un total de gratificacións por valor de 200 € a cada unha das Comparsas pola súa participación.

A suma total dos premios e gratificacións ascende a €, e cada galardoado/a asina unha ficha polo importe outorgado que se engade de forma anexa.

Ademais, de habelas, indícanse as seguintes incidencias

.....

.....



.....

Levántase a presente Acta, en Cambados a de de 2026.

Sinaturas dos membros do xurado

Constantino Cordal

.....
Concelleiro de Festas
Técnico de Cultura



ANEXO IV

FICHA DE BENEFICIARIO CONCURSO COMPARSAS 2026

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

Resultou beneficiario dun premio/gratificación por importe de _____ €
pola participación no CONCURSO COMPARSAS 2026, celebrado en Cambados o
día ____ de _____ de 2026.

Sinatura:

CONFORME, o Concelleiro de Festas, Constantino Cordal

Asdo :



CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO ENTROIDO 2026

Disposicións xerais

1. A presente convocatoria rexerese polo disposto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025. No non previsto, regularanse polo disposto na citada Ordenanza, a Lei 38/2003, de 17 de novembro e o seu Regulamento, salvo naqueles aspectos nos que pola especial natureza destas subvencións non resulte aplicable.

2. As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29/05/2025, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025.

3. O marco competencial no que se sustenta esta convocatoria ven reflectido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que no seu artigo 25.2.m) recolle como competencia propia municipal a promoción da cultura.

Nese sentido, o Concello de Cambados ven desenvolvendo anualmente a programación das actividades do Entroido asumindo, a través desta competencia de promoción da cultura, a posta en valor e conservación das tradicións e manifestacións culturais propias, entre as que se atopan este festexo e celebración tradicional, declarado pola Xunta como ben de interese cultural do patrimonio inmaterial.

Por outra banda, o decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece no artigo 23 que “as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen os atribuídos á competencia local”. Deste xeito, preténdese fomentar a participación de diversas agrupacións e colectivos durante os eventos do Entroido coa finalidade de reforzar a animación e programación desta festividade que, ademais, atrae a moitos visitantes.

1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios para o outorgamento de premios do Concurso de Disfraces Xuvenil e Adulto do Entroido de 2026 do Concello de Cambados, organizado pola Concellería de Festas, que terá lugar no Salón de Congresos e Exposicións José Peña o luns 16 de febreiro 19.00 h.

2.- Aplicación orzamentaria

Os gastos inherentes ao presente concurso por un total máximo de 1.050,00 euros imputaranse á aplicación 3380.48100 do orzamento de gastos.



3.- Concorrenza competitiva

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrenza competitiva, previo estudio e valoración por parte do xurado.

4.- Participantes

1. Poderán tomar parte neste concurso todas as persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou colectivos, sen máis limitacións cas impostas pola legalidade vixente.

2. En todo caso as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvención.

- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Cambados.

- Estar ao corrente, se fora o caso, das súas obrigas coa Seguridade Social.

5.- Publicación da convocatoria e prazo de presentación das inscricións

1. As inscricións poderán ser presentadas a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

2. A inscrición deberá facerse no modelo de inscrición normalizado (Anexo I), indicando:

- Indicación da modalidade na que se participa: Individual, Parella ou Grupo.

- Para a modalidade Individual: Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono da persoa participante. Os menores de idade que participen no desfile deberán ser inscritos por un adulto, que actuará como representante e dita inscrición levará implícita a autorización por parte dos responsables dos menores.

- Para a modalidade Parella ou Grupo:

- Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante (no caso de tratarse dun grupo informal e non unha asociación constituída).

- Nome, CIF, enderezo e teléfono da Asociación (no caso de ser unha asociación legalmente constituída). Farase constar así mesmo o nome e DNI do representante da Asociación.

3.- Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI no caso de: persoa individual participante; representante dun menor; representante dun grupo informal.

- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).

- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).



4.- O prazo de presentación da documentación será do luns 9 ao venres 13 de febreiro de 2026 ás 14:00h. As solicitudes recolleranse na Biblioteca Municipal Luis Rei de 10.00h a 20.30h. Tamén, de xeito excepcional, abrirase un prazo de inscrición o luns 16 de febreiro, no lugar da realización do concurso, en horario de 17.00h a 19.00h. Os participantes deberán obrigatoriamente desfilar pola pasarela.

6.- Xurado

1. O xurado valorará a orixinalidade do deseño, laboriosidade, creatividade, así como que toda a indumentaria e complementos garden relación co disfrace elixido e calquera outro motivo que poida considerar o xurado, coma a interpretación dos personaxes representados. Na modalidade de grupos, ademais, terase en conta a unidade no disfrace do grupo e o grao de coordinación coa súa significación e composición.

2. Do actuado polo xurado levantarase a correspondente acta no modelo normalizado recollido no Anexo III de estas bases.

3. O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

7.- Premios

1.- Establécense os seguintes premios, ata un límite máximo de consignación orzamentaria de 1.050,00 euros que se imputará á aplicación 3380.48100:

-Dous premios ao mellor Disfrace Individual:

- Xuvenil: un premio de 125€
- Adulto: un premio de 125€

-Dous premios ao mellor Disfrace en Parella:

- Xuvenil: un premio de 175€
- Adulto: un premio de 175€

-Dous premios ao mellor Disfrace de Grupo:

- Xuvenil: un premio de 225€
- Adulto: un premio de 225€

**Consideraranse na categoría Xuvenil aos rapaces e rapazas de 12 a 17 anos cumpridos e Adultos de 18 anos cumpridos en diante.*

**Terán consideración de Grupo todos aqueles que conten cun mínimo 3 persoas.*

**Na categoría de grupos, nos casos nos que haxa adultos e mozos mesturados na unidade do disfrace, prevalecerá no concurso a categoría da maioría dos integrantes.*

**Presentarse ao mellor disfrace en modalidade Individual, Parella ou Grupo excluírá de poder presentarse en calquera das outras dúas modalidades.*



2.- A contía dos premios farase efectiva en vales de compra a trocar nos establecementos adheridos á Asociación Cambados Zona Centro.

8.- Procedemento de concesión dos premios

1. A entrega dos diplomas acreditativos dos premios así como dos vales de compra, realizarase tras a decisión do xurado.

2. Ao remate do concurso e para poder trocar os vales dos premios será preciso que os gañadores, ou os seus representantes legais en caso de seren menores de idade ou grupos, cubran os documentos xustificativos pertinentes, presentando o seu DNI.

3. Unha vez trocados os vales de compra nos establecementos adheridos á Asociación Cambados Zona Centro deberá presentar no rexistro xeral do Concello a seguinte documentación para a aprobación e pago dos premios:

- Solicitude debidamente asinada polo titular do establecemento comercial.
- Documento de cesión do crédito debidamente asinada polo beneficiario do premio. (Anexo IV).
- Copia do documento xustificativo do gasto (factura ou factura simplificada).
- Copia do vale ou vales de compra obxecto da solicitude.
- Certificado de conta bancaria da persoa á que se cede o crédito.

4. A Resolución do procedemento co recoñecemento das obrigas económicas que supoñen os premios, correspóndelle á Xunta de Goberno Local. Para isto, o órgano instrutor do expediente, tendo en conta a proposta de premios do Xurado e a documentación achegada polas entidades, formulará PROPOSTA para fiscalización previa da intervención municipal e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Prescídese do trámite de audiencia na proposta de resolución ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos aspirantes.

5. O acordo de concesión dos premios será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>).

O prazo máximo para a resolución e publicación será de tres meses dende a celebración do concurso.

6. O aboamento dos premios efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente informados e aprobados polo órgano competente. Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro



7. O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

9.- Compatibilidade con outras axudas

Os presentes premios serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais.

10.- Aceptación das bases

A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado. A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

En todos aqueles aspectos que non se atopen expresamente contemplados nas presentes bases ou na normativa de aplicación, o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso.

11.- Información sobre o tratamento de datos persoais

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos e ás interesados/as de que os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello de Cambados cuxa finalidade é a xestión do presente concurso.

O representante da agrupación/asociación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante escrito dirixido ao Concello de Cambados, a través do correo electrónico alcaldia@cambados.es ou por correo ordinario.

12.- Entrada en vigor

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación dun extracto das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións estarán a disposición dos interesados, xunto a ficha de inscrición, na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>).



ANEXO I INSTANCIA DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

E, no seu caso, en representación do menor de idade

_____ con
E, no seu caso, en representación do grupo / Asociación

_____ con
CIF _____ con domicilio en
_____ e teléfono nº

SOLICITA

A participación no CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO convocado polo Concello de Cambados, na modalidade de (sinalar cunha x):

Individual Parella
Grupo

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Copia do DNI no caso de: persoa individual participante; representante dun menor; representante dun grupo informal.
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).



En Cambados, a _____ de _____ de 2026
(Sinatura)

ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en nome propio ou representación do grupo / Asociación
_____ con
CIF _____ con domicilio en
_____ e teléfono nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Cambados.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, asina a presente declaración.

En Cambados, a _____ de _____ de 2026
(Sinatura)



ANEXO III

ACTA DA ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO

Reunidos en Cambados, ás horas do día de de 2026, o Xurado do concurso, composto por:

-
-
-
-
-

onde
como do Concello, actúa como Secretario/a,
e unha vez rematado o certame, levántase acta dos clasificados/as,
entregándoselles os diplomas dos premios, expostos nas bases do concurso,
resultando:

Dous premios en vales de compra de Zona Centro ao mellor Disfrace Individual:

- Xuvenil: premio 125 €
- Adulto: premio 125 €

Dous premios en vales de compra de Zona Centro ao mellor Disfrace en Parella:

- Xuvenil: premio 175 €
- Adulto: premio 175 €

Dous premios en vales de compra de Zona Centro ao mellor Disfrace de Grupo:

- Xuvenil: premio 225 €
- Adulto: premio 225 €

A suma total dos vales de compra ascende a, e o responsable en funcións de Zona Centro asina a presente acta xunto co Concelleiro de Festas e o Técnico de Cultura. Así mesmo cada galardoado/a asina unha ficha polo importe outorgado que se engade de forma anexa.



Ademais, de habelas, indícanse as seguintes incidencias

.....
.....
.....

Levántase a presente Acta, en Cambados a de de 2026.

Sinaturas dos membros do xurado

Constantino Cordal

.....
Concelleiro de Festas
Técnico de Cultura



ANEXO IV

FICHA DE BENEFICIARIO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

E, no seu caso, en representación do menor de idade

E, no seu caso, en representación do grupo / Asociación
_____ con

CIF _____ con domicilio en
_____ e teléfono nº

Resultou beneficiario dun premio por importe de _____ €, recibindo vales de compra nos establecementos adheridos á Asociación Cambados Zona Centro por este importe, pola participación no CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO, celebrado en Cambados o día ____ de _____ de 2026.

Sinatura:

CONFORME, o Concelleiro de Festas, Constantino Cordal

Asdo :



